ACCESO Á AULA VIRTUAL DO COLEXIO E ENTREGA DE TAREFAS

Para acceder á Aula Virtual do colexio tendes que entrar na páxina web http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipfoxo . Na parte superior dereita da páxina está o acceso.




Unha vez dentro o alumno ten que darlle novamente a acceder (na parte superior dereita).




Despois tense que identificar co seu usuario e contrasinal. O usuario é o código que se deu na reunión de principio de curso e a contrasinal é por defecto “changeme”. No primeiro acceso tense que cambiar a contrasinal con obrigatoriedade.






A continuación o alumno verá aquelas áreas nas que está matriculado. Accedendo a cada unha delas poderá ver se hai tarefas para entregar ou non.




Se houbera alguna tarefa para entregar tería que entrar nela e ler a descripción do que ten que facer.



Os nenos lerían o enunciado e farían a tarefa nun papel. A continuación daríanlle a engadir entrega.




Despois sacaríanlle unha foto á tarefa xa feita e insertaríana onde se ve na imaxe de abaixo. Recomendamos subir a foto en pdf xa que así os mestres poden facer corrección enriba. Por último daríanlle a gardar os cambios. Así a tarefa xa está enviada.




PARA INSERTAR O PDF: Recomendamos que se faga directamente dende Google Drive. Para facelo hai que entrar na aplicación e darle o símbolo de + como se ve na imaxe.




A continuación hai que darle a opción de Escanear. Así escanease directamente o documento en pdf e subese á  Aula Virtual.

